

VERÁN 1993

[Carla Simón, 2017]

253

ESTREA EN NUMAX: 29.06.2017 | V.O.S.G. | TODOS OS PÚBLICOS

Estiu 1993 (2017, 96')

Dirección: Carla Simón

Guión: Carla Simón

Elenco: David Verdaguer, Bruna Cusí, Laia Artigas, Paula Robles, Paula Blanco, Etna Campillo, Jordi Figueras, Dolores Fortis, Titón Frauca, Cristina Matas, Berta Pipó

Son: Eva Valiño

Montaxe: Aina Calleja, Dídac Palou, Ana Pfaff

Dirección de arte: Isona Rigau

Vestuario: Anna Aguilà

Fotografía: Santiago Racaj

Música: Ernest Pipó

Produtoras: Inicia Films, Avalon P.C (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2017 (Mellor opera prima, Gran premio do xurado internacional), Málaga 2017 (Biznaga de Ouro, Premio Feroz Puerta Oscura, Premio SGAE), BAFICI 2017 (Mellor dirección, Premio do Público, Premio Signis), Estambul (Premio especial do xurado), Cannes 2017 (Écrans Junior), Cine Latino Tübingen (Premio do Público)

FILMOGRAFÍA

Llacunes, 2016 [curtametraxe]
Las pequeñas cosas, 2014 [curtametraxe]
Lipstick, 2013 [curtametraxe]
Born Positive, 2012 [curtametraxe]
Lovers, 2010 [curtametraxe]
Women, 2009 [curtametraxe]

SINOPSE

Frida (Laia Artigas), unha nena de seis anos, afronta o primeiro verán da súa vida coa súa nova familia adoptiva tras a morte da súa nai. Lonxe da súa contorna cercana, en pleno campo, a nena deberá adaptarse á súa nova vida.

«Deslumbrante, un dos filmes máis fermosos, precisos e perfectos imaxinábeis»

★★★★★ Luis Martínez, EL MUNDO

XOVES 29 | 19:30 PRESENTACIÓN E COLOQUIO COA DIRECTORA

Filme subtítulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



Nota da directora

Nas miñas tres últimas curtametraxes partín de historias da miña propia familia para contar relacións familiares. O proxecto que aquí presento vai na mesma dirección. De feito, *Verán 1993* é a miña propia historia, o filme máis persoal que escribín até o momento.

Un verán que definiu a miña infancia e me obrigou a medrar máis rápido que a calquera outra nena da miña idade, influenciando sen dúbida á persoa que son hoxe en día. En *Verán 1993*, a miña nova vida comezou. Aínda que os meus recordos sexan vagos, este filme retrata ese período coa nena que eu era entón como protagonista.

Publicado en <http://www.avalon.me/>

“Verán 1993 é a miña historia, tal cal”

Entrevista a Carla Simón

Por Alfonso Rivera

O teu filme ten bastante de autobiográfico, verdade? A primeira versión de guión consistiu en recoller

os meus recordos, pero chegou un intre no que non sabía que era inventado, que lembraba de verdade ou me tiñan contado, mais si, hai escenas que son tal cal as lembro e moitas outras que proveñen de sensacións ou pensamentos. Eu perdín a miña nai cando tiña seis anos e meu pai xa morrera cando eu era moi pequena; e o verán do 93 foi o primeiro con esta nova familia: os meus tíos, a miña curmá. É a miña historia, tal cal.

Supoño que rodar con nenos non foi sinxelo... É moi difícil. Hai xente que me pregunta que método empreguei: non hai método, un vai probando e a ver que pasa... Eu tiña claro que os nenos teñen que crer, tanto como sexa posíbel, no que están a facer, por iso fixemos ensaios moi longos cos actores adultos, para que pasaran moitas horas xuntos e xogaran a ser unha familia, creando intimidade. Ás nenas gústalles xogar a iso, e nunca leron o guión: eu contáballes a escena ou lanzáballes a frase cando rodabamos, aínda que sufríamos moito cando miraban a cámara.

Aparte de abordar o tema da infancia nas túas curtametraxes, tamén participas no proxecto educativo Cinema en curso. Sempre, desde os 14 anos traballei con nenos en cursos de verán: logo estiven a estudar en EEUU e deixeiño, mais en Londres creamos unha organización para dar aulas de cinema a nenos. Ao meu regreso a España contactei con Cinema en Curso para colaborar con eles, porque me gusta moito: son moi militante porque teñen un método que

funciona moi ben e os nenos ven filmes que non verían doutra maneira. Faise entre todos, séntense parte e aprenden moito. Eu aprendo moito da maneira de ver e interpretar o cinema dos nenos.

O teu equipo de Verán 1993 é maioritariamente feminino: algo non moi habitual. Foi inconsciente e natural, elixín a xente que cría axeitada para o proxecto e coa que fun falando para colaborar. Como vivín moito tempo en Londres, non tiña equipo en España, daquela tiven que crealo para o filme e non me fixei no xénero das persoas, foi casualidade. Rodamos durante seis semanas, oito horas ao día, porque as nenas non tiñan máis tempo. Foi súper rápido. O cásting foi moi longo, de cinco ou seis meses, e era complicado porque eu buscaba a alguén que me lembrase a min mesma: para a personaxe de Frida era importante que fose urbana e que tivese mundo interior, e a nena máis pequena debía transmitir inocencia, tenrura e que todo lle parecese ben. Laia Artigas, a maior, foi a última nena que vimos. E a pequena foi a única de catro anos que realmente se entregaba a xogar connosco.

Publicado en <http://cineuropa.org/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

